
CERVATOS

Texto de LUCÍA NOVAS

Ilustracións de CARMEN HERMO

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 96 páx. 12 €.

ISBN 978-84-16721-15-3. Factoría K de Libros. Tambo.


*SABUGUEIRO na palma
da man, navalla, punk,
beleza. E os toxos apuntan o camiño.
A dor e a dozura.
A intensidade.
As nubes brancas.*

A obsesión pola beleza do efémero, dos obxectos superfluos e das atmosferas *kitsch* está na cerna deste volume. Compóñeno versos lanzados desde o lugar estético do videoclip e, por tanto, xenerosos en golpes de música e imaxes. Son reflexo dun mundo urbano, nocturno e inhóspito. Mais tamén o espello dunha realidade mutuamente contaxiada pola lentitude da aldea, porque a destas páxinas é unha voz poética híbrida, irmá da mestizaxe, filla das marxes e neta da periferia.

E aparece a técnica da colaxe e o recurso ao enxerto, no hábitat do fragmentario. Todo iso ao servizo dunha crítica á posmodernidade que non exclúe, asemade, a adición aos seus ouropeis. E aparecen Brancaneves sinistras, Alicias maravillosas e algún Peter Pan a unha bocalada de se perder para sempre.


Porque somos, tras a defunción dos grandes relatos, seres ensarillados no amor e nos seus xogos.

Cervatos alleos -na distracción e a fragilidade- ao teimudo, fascinante e implacable paso do tempo.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección *Tambo*: “Os ángulos da brasa” (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), “Onde nunca é mañá” e “Rigorosamente humano”, de Manuel Álvarez Torneiro; “Alén da fronteira. Sete poetas vascos” (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); “Tríptico”, de Antoni Marí; “Espiral de sombras”, de Xavier Seoane; “Estrela do norte”, de Luís Rei Núñez; “Tempo de exilio”, de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); “Diario de Crosses Green”, de Martín Veiga; “Tempo transfigurado”, de Cesáreo Sánchez Iglesias.

Lucía Novas

(Bueu, 1979)

Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, exerce a docencia no ensino secundario e é autora dos libros *Epiderme de estío* (2001, Premio de Poesía do Concello de Carral), e *Neve* (2010, Premio de Poesía Johán Carballeira). Representada en antoloxías como *Das sonoras cordas* (2005), *Poetízate. Antoloxía da poesía galega* (2006), *Erato. Bajo la piel del deseo* (2010) ou *Novas de poesía. 17 poetas* (2014), colaborou con publicacións como *Grial*, *Dorna*, *PolpA*, *Casa da Gramática* ou *Escrita Contemporánea*, e recibiu, ademais, os premios Minerva, Universidade de Vigo e Faustino Rey Romero.